



# ***Programación Cultural 2020***

*outubro - novembro - decembro*

***Teatro Pastor Díaz  
VIVEIRO***



## **PROTOCOLO COVID-19:**

- Uso obrigatorio de máscara
- Distancia de seguridade de 1,5 m.
- Uso do Xel Hidroalcohólico
- Limite de Aforo, con asignación de butaca e agrupamentos familiares.

## **ENTRADAS:**

Reserva telefónica.  
982560162

A través do correo:  
[rbg.cultura@viveiro.es](mailto:rbg.cultura@viveiro.es)  
De luns a xoves.

# OUTUBRO



Sábado 3. 20,30 horas

---

**Coro**  
**Mestre Pacheco**  
Musiqueando

# OUTUBRO



Sábado 10. 20,30 horas

---

## Bernarda

Malasombra Produccións. RGTA

**Teatro Drama. Adultos. Duración:** 75 min. **Autor:** Jose Prieto. **Dirección:** Jose Prieto. **Escenografía:** Kukas.

**Deseño son:** Jose Prieto. **Deseño iluminación:** Xoque Carbajal. **Vestuario:** Malasombra. **Música:** Malasombra

**Elenco artístico:** Luisa Merelas, Celia González, Esther Aja.

“BERNARDA” é unha historia próxima, comprensible e universal. Todos coñecemos no noso entorno a alguén como Bernarda, e todos temos un pouco de Bernarda no noso interior, porque ese choque xeracional entre pais e fillos é unha constante universal, e dependendo de que lado esteamos vemos a realidade de forma totalmente diferente. Cando somos fillos queremos rachar coas normas que nos impoñen, e cando somos pais vémonos na obriga de ser nós os que as impoñamos, polo seu ben, e ese choque entre xeracións que conviven na mesma casa é inevitable.

# OUTUBRO



Sábado 17. 20,30 horas

## Dúas donas que bailan

Teatro do Atlántico. RGTA

**Teatro Drama. Adultos. Duración:** 85 min. **Autor:**

Josep M. Benet i Jornet. **Dirección:** Xúlio Lago.

**Adaptación:** Aleixandre Lago. **Escenografía:** Antonio

Simón. **Deseño son:** Esther Carrodegua. **Deseño**

**iluminación:** Xúlio Lago. **Vestuario:** Susa Porto. **Música:**

escolma. **Elenco artístico:** María Barcala, María Ángeles Iglesias.

Unha muller maior, viúva, que soña cunha viaxe a París, resístese a abandonar o esfarelado piso no que habita, malia as presións dos fillos e tamén da axencia propietaria do inmoible. Todos eles teñen outros plans para a vivenda. A filla, en tanto non consegue que a nai mude de actitude, contrata unha muller para que vaia facer os labores domésticos na casa dúas veces por semana. A muller contratada é unha profesora de Lingua e Literatura, de mediana idade, obrigada polas circunstancias a aceptar o traballo. O seu carácter contestatario é parello ao da vella, outrora unha muller rebelde e activista. A presenza da contratada non é ben recibida, e cada xornada convértese nun inquietante e por veces traxicómico enfrontamento.

# OUTUBRO



Sábado 24. 20,30 horas

---

## Liberto

Marelas produccions

*Fondo de proxectos culturais Xacobeo 21*

**Teatro Drama. Adultos. Duración:** 80 min. **Autoría:** Gemma Brió. **Dirección e adaptación:** Tamara Canosa **Tradución:** María Vázquez e Tamara Canosa. **Escenografía e iluminación:** J.M. Faro "Coti". **Son:** Jas Processor. **Música orixinal:** Lucía Aldao. **Coreografía:** Rut Balbís. **Elenco:** Rocío González, Cris Iglesias e Lucía Aldao.

Sinopse: Cando nace Liberto, a vida de Ada frea en seco. Desde unha sala de espera vivirá a experiencia máis determinante da súa vida.

Liberto é un canto á vida desde a primeira persoa interpelando directamente o público. Unha reivindicación do imperfecto, do humano. Un texto e unha proposta formal que falan da vida, do sensorial e instintivo. Un espectáculo que revisa os límites socialmente acordados. Un relato honesto de como xestionar a dor e de como seguir avanzando. Un proceso pegado ao primitivo, á conexión co noso animal, e por iso, contra todo pronóstico, cheo de vitalidade

# OUTUBRO



Sábado 31. 18 horas

---

## Rosalía

Culturactiva produccions

**Teatro Contemporáneo. Duración:** 60 min. **Público:** Infantil De 4 a 10 anos. **Autor:** Nate Borrajo. **Dirección:** Fina Calleja (Sarabela). **Escenografía:** Carlos Domínguez del Río. **Deseño son:** Culturactiva. **Deseño iluminación:** Culturactiva. **Vestuario:** La Canalla. **Elenco artístico:** Rocío Dieguez e Cristina Collazo

O espectáculo trasladanos a Rosalía de Castro na súa nenez, a unha Rosalía atrevida, máxica, activa que nos amosa o porque da súa obra dun xeito realmente ameno e divertido.

María Rosalía Rita agóchase no faiado, pechando a porta tras ela, facéndose forte nese lugar máxico que ben coñece, que habitou en segredo e que está ateigado de tesouros. Hoxe mesmo veñen buscala, xa lle puxeron o seu traxe de fidalguiña e uns zapatiños que non lle acaban de acaer ben. Debe abandonar a aldea para ir vivir coa súa nai despois de anos baixo a tutela das súas tías paternas.

Que a poderá convencer para que abra a porta e se comporte como unha señorita ben educada? E no caso de facelo, que cousas poderá levar desta vida que é a que coñece ata o de hoxe?

# NOVEMBRO



Sábado 7. 18 horas

---

## As pitas...

Ghazafellos Teatro. RGTA

**Teatro Comedia. Duración:** 50 min. **Público:** Infantil +de 5 anos. **Autor / Adaptación:** Pepablo Patinho da peza de Carbalho Calero. **Dirección:** Pepablo Patinho. **Escenografía:** Ghazafellos. **Deseño son:** Ghazafellos. **Deseño iluminación:** Ana Díaz. **Vestuario:** Ghazafellos. **Música:** Pepablo Patinho. **Arranxos:** Xil López i Outros **Elenco artístico:** Pablo Sánchez (Galo Chafarís), Jorge Casas (Pita Ludivina), Montse Piñón (Pita Tereija), Pepablo Patinho (Raposo Rosende).

Ludivina e Tereija son dúas pitas que viven no curral da Barreira. Están agardando a visita de Ricardiño, o neno que ven ás veces xogar con elas. Pero temen que ese día choiva, pois cando esto pasa Ricardiño tolea e persegueas ate pechalas no curral... coa axuda do Galo Chafarís e o raposo Rosende, tentarán que o neno, deixe de tolear coa choiva e sega a xogar con elas...



# NOVEMBRO



Sábado 14. 20,30 horas

## O mozo da última fila

Redrum Teatro. RGTA

**Teatro Comedia. Adultos. Duración:** 90 min. **Autor:** Juan Mayorga. **Dirección:** Alex Sampayo. **Adaptación:** Alex Sampayo. **Escenografía:** J.M. Faro. **Deseño son:** Davide González. **Deseño iluminación:** J.M. Faro. **Vestuario:** María Illobre. **Música:** Davide González. **Elenco artístico:** Guillermo Carbajo, Roberto Leal, Belén Constenla, Mónica García, Machi Salgado Rúben Porto.

Claudio é un estudante de dezasete anos que senta na última fila. Non fala, non participa, non é problemático, non destaca, salvo en Matemáticas. Cada clase fáiselle máis insoportable ata que Xermán, o profesor de Lingua e Literatura, manda escribir unha redacción sobre a fin de semana. A partir deste intre, Claudio empeza a transformarse en alguén que observa, imaxina e escribe a vida doutros nun relato por entregas para un só lector. Ese relato compartido polo discípulo e o mestre convértese nun xogo cada vez máis perigoso para eles e para quen os rodea. Un xogo que se disputa en dous taboleiros: o da vida e o da literatura.



# NOVEMBRO



Sábado 21. 21 horas

---

## Concerto de Santa Icia Música de Cámara

Banda Municipal  
de Música de Viveiro

**RETRANSMISIÓN A TRAVÉS DE  
YOUTUBE E FACEBOOK**

Debido a falta de espazo para os músicos no Teatro. E pola situación sanitaria o concerto no se poderá realizar no Teatro. O concerto retransmitirase a través da Canle de Youtube da Banda de Música e de Facebook.

# NOVIEMBRE



Sábado 28. 18 horas

---

## Carabela

Galeatro. RGTA

**Teatro Comedia. Duración:** 50 min. **Público:** Infantil (a partir de 3 anos). **Autora:** Paula Carballeira. **Dirección:** Davide González. **Escenografía:** Diego Valeiras. **Deseño son:** Davide González. **Deseño iluminación:** Ignacio Martín. **Vestuario:** Diego Valeiras. **Música:** Davide González. **Elenco artístico:** Alba Bermúdez e Tone Martinez

Carabela, cociñeira dun barco, naufraga na Illa Pequena de Plástico. Está soa, rodeada de peixes mutantes que lle advirten que son tóxicos, de paxaros que non paran de queixarse por ter comido substancias sintéticas e de verteduras que non alimentan. Para aliviar a tristeza, Carabela constrúe unha nena de plástico á que lle conta historias de como é o mundo fóra da Illa Pequena. O corazón a pilas da Nena de Plástico comeza a latexar con forza para coñecer o que hai máis alá dos peixes mutantes e dos paxaros chormicas e, sobre todo, para axudar a Carabela a saír da illa antes de que morra de fame.

# DECEMBRO



Sábado 5. 18 horas

---

## Pinconús

Pinconús Teatro. Seráns teatrais

**Teatro** Comedia. **Público:** Familiar. **Autor:** José Campanari. **Director:** José Campanari. **Elenco:** Ana Carreira, Carlos Rebolo, Carlos Coria e Marga Portomeñe. **Escenografía:** A.E.R.P. **Vestuario:** Attacare Bottone. **Adestramento vocal:** Silvia Chigliak / Heiko **Foto:** La Cosa Gráfica Viva Lugo. **Vídeo:** FXFoley

Un día calquera na estación de tren de Aquimesmo. Unha billeteira que ven e que vai. Un viaxeiro decidido a deixalo todo para chegar ao seu novo lugar de traballo. As indecisións dun viaxeiro que non sabe moi ben a onde ir. As estratexias dunha viaxeira que quere ser a única que colla o tren. O humor e a música xúntanse na escena para xogar unha espera de absurdos encontros e desencontros. Todo isto para chegar a ese lugar ao que todos queren ir, pero moi pouca xente se atreve, chamado PÍNCONÚS.

# DECEMBRO



Sábado 12. 20,30 horas

---

## Crónicas do paraíso

Sarabela teatro. RGTA

**Teatro Comedia. Adultos. Duración:** 1 h 10 min. **Autor:** Álvaro Cunqueiro. **Dirección:** Gonçalo Guerreiro. **Adaptación:** Gonçalo Guerreiro/Fernando Dacosta. **Escenografía:** Gonçalo Guerreiro. **Deseño son:** Vadzim Yuknevich. **Deseño iluminación:** Baltasar Patiño. **Vestuario:** Tegra Vázquez Carpentier. **Música:** Vadzim Yuknevich. **Elenco artístico:** Fernando Dacosta, Elena Seijo, Fran Lareu, Sabela Gago, Fina Calleja.

Unha carroza cargada de maletas, que está a acubillar a misteriosos pasaxeiros, consegue poñerse en marcha e lánzase polos camiños dunha Bretaña imaxinaria. A cuadrilla leva da man, na súa danza, a un sochantre asustado. Queren que toque para as exequias do señor De Quelven. Todos se ilusionan coas melodías do seu bombardino, pois, por un espazo breve de tempo, as notas arrincan aos espectros da súa condición.

Pero, que ocorrerá á noitiña? Que ocorrerá cando se durma o sochantre?

# DECEMBRO



Sábado 19. 21 horas

---

## Cocerto de Nadal

Banda Municipal  
de Música de Viveiro

SE A SITUACIÓN SANITARIA NON O PERMITE

**RETRANSMISIÓN A TRAVÉS DE  
YOUTUBE E FACEBOOK**

Debido a falta de espazo para os músicos no Teatro o concerto so se poderá realizar no Teatro, se a situación sanitario o permite. No caso contrario, o concerto retransmitirase a través da Canle de Youtube da Banda de Música e de Facebook.

# DECEMBRO



**GALA DE MAXIA  
MAGMALASTRUC  
DANI POLO  
MAGO RAFA**

Luns 28. 20,30 horas

---

## Gala de Maxia

RGTA

***Público: Familiar***

**Teatro Maxia. Público:** familiar. **Dirección:** Abracadabra Produccións / **Adaptación:** Abracadabra Produccións / **Escenografía:** Abracadabra Produccións. **Deseño son:** Eduardo Yepes **Deseño iluminación:** Manu Hamade Longarela **Vestiario:** Rafael Pereira Rodríguez **Música:** David Alonso Garzón **Elenco:** Mago Rafa , Dani Polo e Mag Malastruc

## Organiza:



Excmo.  
Concello **a Viveiro**  
Vive Viveiro  
*Concellería de Cultura*

## Patrocinan:



Excmo.  
Concello **a Viveiro**  
Vive Viveiro



**XUNTA  
DE GALICIA**



**Xacobeo 2021**

**galicia**



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



Cultura

VICEPRESIDENCIA



**REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS**

**AGADIC**



Axencia Galega das  
Industrias Culturais



Rede de  
Dinamización  
Lingüística